


**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**MEMORIA
MARZO-XUÑO 2020
(CRISE SANITARIA COVID)**





**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

MEMORIA

MARZO-XUÑO 2020

(CRISE SANITARIA COVID)



TÁBOA DE CONTIDO

RESUMO EXECUTIVO	3
MARCO XERAL PARA A ORGANIZACION DO TRABALLO NON PRESENCIAL NA BUSC DURANTE O ESTADO DE ALARMA	5
MEMORIA DO TRABALLO DESENVOLVIDO POLA BUSC	6
1. DENDE A BUSC POTENCIOUSE O EMPREGO DE SERVIZOS A DISTANCIA PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA: SELECCIÓN E ACCESO A RECURSOS ELECTRÓNICOS DE SUBSCRICIÓN E DE ACCESO LIBRE, ASÍ COMO O SERVIZO DE CONSULTAS (POR CORREO ELECTRÓNICO INICIALMENTE DENDE AS CONTAS DE CADA BIBLIOTECA)	7
RECURSOS ELECTRÓNICOS	7
FORMACIÓN VIRTUAL	8
SERVIZO DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AOS USUARIOS	8
PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO E FOTODOCUMENTACIÓN	10
2. ESTABLECEUSE UNHA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN DENDE A NOSA PÁXINA WEB E NAS CANLES SOCIAIS SOBRE OS RECURSOS DISPOÑIBLES E SOBRE OS SERVIZOS EN LIÑA. PARA ISO, REALIZOUSE UNHA TAREFA CONTINUA DE AVALIACIÓN DE RECURSOS DISPOÑIBLES EN PROBA OU EN ABERTO DURANTE A FASE DE ALARMA.	11
A BUSC EN LIÑA (ABEL)	11
PREGUNTAS FRECUENTES	13
BLOG FONSECA E CANLES SOCIAIS	13
DÍA DAS LETRAS GALEGAS	14
3. CONTRIBUÍUSE AO REFORZO DA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL DURANTE O ESTADO DE ALARMA, NOMEADAMENTE NA BUSCA, SELECCIÓN E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN NECESARIA PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA, DIFUNDIDA A TRAVÉS DO XORNAL.	15
TAREFAS DE REVISIÓN DO CATÁLOGO	16
CAMBIOS GLOBAIS EN MILLENNIUM	17
TAREFAS NO REPOSITORIO INSTITUCIONAL MINERVA	17
TAREFAS NA PLATAFORMA PRELO	18
TAREFAS EN DIALNET / MÉTRICAS	18
DIXITALIZACIÓN DA AMTEGA	18

TRABALLO EN ADQUISICIÓNS	19
5. POTENCIOUSE O USO DA INTRANET COMO CANLE DE COMUNICACIÓN E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO NON PRESENCIAL E SE FORMARON GRUPOS DE TRABALLO ESPECÍFICOS PARA ABORDAXE DE PROXECTOS E TAREFAS LIGADAS Á SITUACIÓN DE PANDEMIA: EZPROXY, PORTAL DE INVESTIGACIÓN, GUÍAS DE RECURSOS.	20
6. ABORDÁRONSE NOVOS PROXECTOS (POSTA EN MARCHA DUN EZPROXY, GUÍAS DE RECURSOS) E CONTINUÁRONSE A DESENVOLVER OS QUE ESTABAN EN MARCHA CON ANTERIORIDADE Á DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA (PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN, PORTAL DE INVESTIGACIÓN, IMPLEMENTACIÓN DAS RDA, CURSOS DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS....)	21
GRUPO DE FORMACIÓN EN RDA	21
CURSOS DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS	21
GRUPO GUÍAS DE RECURSOS - REBUSCA	22
IMPLEMENTACIÓN DO EZPROXY	23
PREPARACIÓN DO NOVO CURSO ACADÉMICO	24
7. PREPAROUSE Á VOLTA Á PRESENCIALIDADE NO SERVIZO, COA ELABORACIÓN DUN PLAN EN FASES PARA O RETORNO. ELABORÁRONSE PROTOCOLOS ESPECÍFICOS PARA O TRABALLO INTERNO E A PRESTACIÓN DE SERVIZOS.	25
PRÉSTAMO A DOMICILIO	25
REAPERTURA DA SALA DE INVESTIGADORES PARA CONSULTA DO FONDO PATRIMONIAL (9 DE XUÑO 2020)	29
APERTURA DAS SALAS DE LECTURA CON AFORO RESTRINXIDO (25 XUÑO 2020)	29
8. MANTÍVOSE A COOPERACIÓN A DIVERSOS NIVEIS: AUTÓNOMICO (CONSORCIO BUGALICIA, CONSELLO COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA DE GALICIA), ESTATAL (CONSEJO DE COOPERACION BIBLIOTECARIA, REBIUN)	30
PROXECTO CONSORCIADO DE ESTUDO DE NOVAS PLATAFORMAS DE GUÍAS E RECURSOS ELECTRÓNICOS	30

RESUMO EXECUTIVO

Debido á expansión da COVID-19 e a declaración do estado de alarma o 14 de Marzo de 2020, a BUSC pechou as súas portas ao público, como o resto de dependencias da USC, pero continuou a traballar activamente de maneira non presencial.

O día 16 de marzo creáronse grupos de WhatsApp para manter unha canle permanente de comunicación entre o persoal da BUSC, engadida á comunicación por correo electrónico. Na primeira semana o equipo de dirección da BUSC estableceu como forma habitual de traballo reunións diarias de seguimento do traballo a través de Teams. Esta ferramenta foise estendendo a outros grupos creados para tarefas concretas e para cada unha das bibliotecas, como xeito de facer seguimento dos traballos nos diferentes puntos de servizo da BUSC.

O día 20 de marzo publicouse e difundíuse entre todo o persoal da BUSC un documento marco para organización do traballo, establecendo as primeiras tarefas que había que abordar. Progresivamente unha elevada porcentaxe do cadro de persoal da BUSC estivo traballando dende o seu domicilio e accedeu á rede da USC mediante VPN, ademais de traballar vía web nos portais, repositorio, intranet e outras ferramentas de xestión.

A atención aos usuarios mantívose a través do correo electrónico e redes sociais, publicando na nosa páxina web as canles de contacto co persoal de cada punto de servizo.

Debido as limitacións da paxina web actual da BUSC, creouse un recurso ad hoc, [A BUSC en Liña](#), dispoñible desde o 18 de marzo de 2020, para manter unha vía de actualización das novidades e recursos dispoñibles en liña para comunidade Universitaria. Trátase dun blog que recompilou durante todo o estado de alarma e parte da entrada na nova normalidade os enlaces aos contidos, titoriais, recursos, avisos e servizos dispoñibles.

Durante esta etapa, intensificouse o traballo de elaboración de guías e titoriais para o uso de recursos dixitais e ferramentas electrónicas para docencia e investigación. Esta liña de traballo esta a ter continuidade e seguira téndoa no futuro inmediato.

Mantívose a prestación de servizos que xa se prestaban con anterioridade á declaración do estado de alarma de xeito non presencial, como o servizo de obtención de documentos electrónicos e a formación en liña en Competencias Informacionais na contorna dixital. Ademais deseñouse e impartíuse este curso para o colectivo do PAS da US, cun alto índice de satisfacción por parte do alumnado.

Ampliáronse os prazos dos préstamos e as devolucións. As datas íanse axustando atendendo á evolución da situación sanitaria.

O acceso VPN activado para o 70% do persoal da BUSC permitiu o acceso ao sistema de xestión da BUSC para a realización de tarefas relacionadas co mantemento do noso catálogo. Tamén se concentraron esforzos no Repositorio Minerva e en DIALNET, co obxectivo de mellorar a visibilidade da produción científica da USC.

Tampouco se descoidou o mantemento dunha política de difusión do noso patrimonio bibliográfico e incrementouse o traballo relativo á difusión do Día das Letras Galegas coa creación dun portal específico e a recompilación da Bibliografía do autor homenaxeado este ano.

Nas páxinas que seguen amósanse polo miúdo os datos e accións abordadas. Algunhas delas xa formaban parte do traballo habitual da BUSC, outras chegaron para quedarse.

Como conclusión, ademais de poder afirmar que se traballou arreo co obxectivo de seguir servindo á nosa institución como apoio á docencia, investigación e xestión, quedou de manifesto que a pesar da situación vivida, esta foi unha oportunidade para BUSC para favorecer e educar no uso dos recursos e ferramentas dixitais, moitas delas xa a dispor dos nosos usuarios, pero descoñecidas ou infrautilizadas.

MARCO XERAL PARA A ORGANIZACION DO TRABALLO NON PRESENCIAL NA BUSC DURANTE O ESTADO DE ALARMA

1. Dende a BUSC potenciouse o emprego de servizos a distancia para a comunidade universitaria: selección e acceso a recursos electrónicos de subscripción e de acceso libre, así como o servizo de consultas (por correo electrónico inicialmente dende as contas de cada biblioteca).
2. Estableceuse unha política de comunicación dende a nosa páxina web e nas canles sociais sobre os recursos dispoñibles e sobre os servizos en liña. Para iso, realizouse unha tarefa continua de avaliación de recursos dispoñibles en proba ou en aberto durante a fase de alarma.
3. Contribuíuse ao reforzo da política de comunicación institucional durante o Estado de alarma, nomeadamente na busca, selección e difusión de información necesaria para a comunidade universitaria, difundida a través do Xornal.
4. Organizouse a asignación de traballos técnicos desde casa contando co persoal da BUSC que estaba en disposición de conectarse e tiña acceso ao equipamento informático axeitado
5. Potenciouse o uso da Intranet como canle de comunicación e organización do traballo non presencial e se formaron grupos de traballo específicos para abordaxe de proxectos e tarefas ligadas á situación de pandemia: EZProxy, Portal de investigación, Guías de recursos.
6. Abordáronse novos proxectos (Posta en marcha dun EZproxy, Guías de recursos) e continuáronse a desenvolver os que estaban en marcha con anterioridade á declaración do estado de alarma (proxectos de dixitalización, Portal de Investigación, implementación das RDA, Cursos de Competencias Informacionais....)
7. Preparouse á volta á presencialidade no servizo, coa elaboración dun plan en fases para o retorno. Elaboráronse protocolos específicos para o traballo interno e a prestación de servizos.
8. Mantívoase a cooperación a diversos niveis: autonómico (Consortio Bugalicia, Consello Cooperación Bibliotecaria de Galicia), estatal (Consejo de Cooperación bibliotecaria, REBIUN)

MEMORIA DO TRABALLO DESENVOLVIDO POLA BUSC

1. DENDE A BUSC POTENCIOUSE O EMPREGO DE SERVIZOS A DISTANCIA PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA: SELECCIÓN E ACCESO A RECURSOS ELECTRÓNICOS DE SUBSCRICIÓN E DE ACCESO LIBRE, ASÍ COMO O SERVIZO DE CONSULTAS (POR CORREO ELECTRÓNICO INICIALMENTE DENDE AS CONTAS DE CADA BIBLIOTECA)

RECURSOS ELECTRÓNICOS

ACCESOS ELECTRÓNICOS: XESTIÓN E MANTEMENTO

Fundamentalmente a actividade nese campo centrouse en:

1. Resolución de problemas de acceso ós recursos xa subscritos pola Biblioteca. Fundamentalmente houbo que resolver problemas con títulos aloxados na plataforma de préstamo Prelo (Xebook) e títulos comprados anteriormente a E-Libro e agora aloxados na plataforma de ProQuest Ebook Central.
2. Petición e xestión de prórroga en subscricións rematadas solicitando o apoio dos provedores nunha situación extraordinaria.
3. Xestión da solicitude de acceso remoto por claves, en vez de acceso por IP, para favorecer ós alumnos que non poden facer uso do proxy da Universidade.
4. Control de recursos no proceso de contratación de EzProxy, instrumento de acceso remoto que facilita o uso dos recursos electrónicos a todos os usuarios da USC, pero especialmente ós alumnos que non poden utilizar os servizos do proxy da Universidade.

XESTIÓN DE ACCESOS TEMPORAIS

Diversos provedores, editores e institucións ofreceron á Biblioteca o acceso a distintos recursos como apoio á Universidade. Cabe distinguir entre accesos de proba (trials) de recursos e o acceso libre a documentación sobre investigación Covid-19.

5. Trials de proba. A Biblioteca aceptou permisos de acceso en probas a recursos a proposta de editores e provedores sempre e cando isto fora gratuíto sen ningún tipo de compromiso. Foron numerosos, entre eles: vídeos de formación Jove, cursos de ensino online Epigrama de Oxford, Elsevier textbooks, Loeb Classical, Proview, Pearson, etc.
6. Acceso a recursos gratuítos de investigación Covid-19. Entre eles: Accucoms, Ebsco-Covid, etc.

FORMACIÓN VIRTUAL

A etapa de confinamento e desescalada foi un momento importante para a formación, non só a que se impartiu dende a BUSC, tamén a que recibiu o propio persoal da biblioteca.

As actividades formativas realizada polo persoal da BUSC entre marzo e xuño ascenden a 89 cursos cun total de 174 de participantes.

A través de ABEL difundíuse información sobre os seguintes cursos en liña para os usuarios:

- Formación SCOPUS
- Formación sobre ORCID
- Formación en liña: CINAHL, MEDLINE, SPORTDiscus e Business Source Premier
- Seminario: Temas de Prominencia de Scopus e SciVal
- Visualización de datos con Flourish
- I Ciclo de Formación Online – Web of Science

SERVIZO DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AOS USUARIOS

As consultas que se recibiron durante o período que vai dende o 13 de marzo ao 30 de xuño de 2020, abranguen as recibidas a través da caixa de consultas da páxina web e o enderezo electrónico de Información (bxinfor@usc.es), as derivadas dende a Dirección da Biblioteca, doutros servizos da BUSC e das redes sociais que a biblioteca mantivo activas durante este tempo.

Os tipos de consulta establecéronse posteriormente, unha vez analizado o total de consultas que se recolleron neste período. Son os seguintes:

- Préstamo. A maioría das consultas durante o confinamento refírense á devolución de libros e cando se retomará o servizo. A partir do anuncio da reapertura do servizo (26 maio) aumentan as consultas que teñen mais que ver coa metodoloxía do servizo, os prazos, e casuísticas persoais.
- Acceso a Recursos electrónicos e PreLo. Neste grupo temos 3 casuísticas: a falta de práctica dos usuarios na utilización destes recursos sobre todo en remoto, o acceso a novos recursos e novas condicións de acceso proporcionadas polos editores, e a imposibilidade dos alumnos en acceder a determinados recursos que esixían a utilización do proxy.

- Apertura de salas e acceso a fondos impresos. A preocupación polo acceso ás bibliotecas de modo presencial e aos libros impresos sube no mes de maio e, sobre todo, a partir do anuncio de apertura das bibliotecas unicamente para o servizo de préstamo. A apertura gradual dos centros tamén propicia consultas sobre as bibliotecas que permanecen pechadas.
- Consultas bibliográficas. As consultas puramente bibliográficas sobre identificación de obras, localizacións de recursos, manexo do catálogo, interpretación de datos bibliográficos, ... tamén tiveron presenza aínda que en volume moito menor que en circunstancias normais.
- Préstamo interbibliotecario e Fotodocumentación. As consultas foron en aumento sobre todo en relación á preocupación polos libros recibidos de Préstamo Interbibliotecario e pendentes de consulta nos centros. A posibilidade de obter copias de fondos impresos da BUSC foi outro tema de preocupación
- Cursos de Competencias. Sobre todo nos primeiros meses e relacionadas coa activación da TUI como carta de lector da Biblioteca (tratábase dunha práctica durante o curso).
- Outras. Consultas que non chegan a repetirse (dereitos de autor, utilización de documentos no campus virtual, publicar nunha revista...)

A maioría das consultas respostáronse no mesmo día da recepción. En moitos casos a solución chegou tras varios correos de ida e volta incluíndo chamadas de teléfono. En certos momentos foi necesario dar instrución personalizada sobre manexo de bases de datos e outros recursos electrónicos a alumnos e PDI que nunca os utilizaran anteriormente en remoto.

Para os alumnos sen acceso nese momento a recursos electrónicos de acceso mediante proxy autenticado, foi importante ter unha comunicación áxil co grupo de traballo que obtivo accesos alternativos para algúns produtos electrónicos e poder ofrecerlles nun prazo razoable.

CONSULTAS POR TIPO DE USUARIO

Consultas	Alumnos USC 1º e 2º ciclo	Profesores Invest USC	Alumnos USC 3º ciclo	PAS Serv. USC	Usuarios Externos	Entidades Institucións	TOTAL
Préstamo	56	9	1	1	3	0	70
Acceso Rec. Electrónicos e PreLo	10	16	9	2	3	0	40
PI e Fotodoc	7	0	2	0	5	0	14
Apertura salas, acceso a fondos imp.	26	1	1	0	4	0	32
Cursos Competecias	8	0	0	0	0	0	8
Catálogo/Identificac/Localizac	0	5	1	1	8	1	16
Outras	0	3	2	0	0	0	5
TOTAL	107	34	16	4	23	1	185

CONSULTAS POR TIPO E MES

Consultas	MARZO (*)	ABRIL	MAIO	XUÑO	TOTAL
Préstamo	7	2	33	28	70
Acceso Recursos electrónicos e PreLo	12	14	11	3	40
PI e Fotodoc	1	3	5	5	14
Apertura salas, acceso a fondos imp.	1	0	19	12	32
Cursos de Competencias	3	4	0	1	8
Catálogo/Identificac/Localizac	3	7	4	2	16
Outras	2	2	1	0	5
TOTAL	29	32	73	51	185

PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO E FOTODOCUMENTACIÓN

O servizo continuou funcionando para documentos electrónicos. Durante o período do 13 de marzo ao 30 de xuño o servizo recibiu un total de 1.440 peticións (suma das solicitudes realizadas polos nosos usuarios (920 peticións) máis as solicitudes realizadas polas bibliotecas/centros externos (520 peticións).

Na xestión do préstamo interbibliotecario neste período:

- Fixéronse máis de 400 solicitudes de renovacións e concedéronse outras tantas prórrogas de renovacións.
- Tramitáronse as solicitudes de alta de usuarios no Servizo de Préstamo interbibliotecario, destacando o número considerable de solicitudes.
- Xestionouse a recepción e comprobación de listados de pagos pendentes a outras bibliotecas, así coma a conformidade para a emisión de facturas e a recepción e rexistro das facturas recibidas, no que respecta a parte administrativa.
- E atendéronse as consultas realizadas a través do correo electrónico do Servizo de Préstamo Interbibliotecario e tamén do correo de Préstamo a domicilio.

2. ESTABLECEUSE UNHA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN DENDE A NOSA PÁXINA WEB E NAS CANLES SOCIAIS SOBRE OS RECURSOS DISPOÑIBLES E SOBRE OS SERVIZOS EN LIÑA. PARA ISO, REALIZOUSE UNHA TAREFA CONTINUA DE AVALIACIÓN DE RECURSOS DISPOÑIBLES EN PROBA OU EN ABERTO DURANTE A FASE DE ALARMA.

A BUSC EN LIÑA (ABEL)

Debido ás limitacións da páxina web actual da BUSC, deseñouse unha nova páxina, A BUSC en liña, en WordPress, que permitiu unha autonomía e inmediatez na información aos usuarios imposible de acadar coa páxina oficial.

O día 17 de marzo comezou a funcionar A BUSC EN LIÑA (ABEL), creada para concentrar a información dos servizos e recursos en liña nun só sitio e facelos máis claros e accesibles para os usuarios. A páxina estivo en constante evolución e actualización durante todo o confinamento, adaptándose ás circunstancias de cada momento.

Todas as novidades e avisos publicados en ABEL difundíronse tamén nas redes sociais da BUSC, Facebook, Twitter, Instagram e Blog Fonseca, onde tamén se atenderon as consultas dos usuarios realizadas a través delas.

Estrutura da páxina en:

- Acceso aos recursos electrónicos (reBUSCa)
- Servizos en liña
- Formación en liña
- Difusión nas redes sociais da BUSC (Facebook, Twitter, Instagram e Blog Fonseca)
- Axuda e contacto


Creación dunha lista de distribución mediante a que os usuarios recibían no seu buzón de correo electrónico todas as novidades da páxina.

ESTADÍSTICAS ABEL

Durante o tempo que estivo en funcionamento (tres meses e medio), as estatísticas de ABEL son as seguintes:

Número de subscritores á lista de correo: 159

Visitas á páxina (comparativa coa páxina oficial da BUSC):



Como se pode apreciar, durante a etapa de confinamento, as estatísticas de uso da páxina ABEL mantiveron unhas cifras moi parellas ás da páxina principal (nas estatísticas diarias, en ocasións, as cifras eran superiores ás da web oficial).

A partir do mes de xuño, coa progresiva volta á presencialidade, as estatísticas de ABEL amosaron unha tendencia á baixa. Nese momento a información volveu a prestarse paulatinamente desde a Web oficial da BUSC.

Recursos electrónicos

- Novos recursos temporais en acceso aberto para as Universidades: 23
- Modificación das condicións para facilitar o acceso remoto aos recursos subscritos: 8

Avisos e novidades

No período do 17 de marzo ao 28 de xuño publicáronse un total de 47 avisos e novidades sobre:

- Servizos da BUSC
- Novos recursos temporais en acceso aberto
- Modificación do acceso remoto a recursos subscritos
- Recursos COVID-19 en acceso aberto
- Cursos de formación en liña e de Competencias en Información

Vídeos na canle de YouTube da BUSC

Realización de 15 vídeos na canle de YouTube da Biblioteca Universitaria

PREGUNTAS FRECUENTES

Creouse un grupo de traballo para a análise da sección de preguntas frecuentes do web da BUSC, ante o próximo cambio deste.

A BUSC, na súa presenza virtual, mantén dende a súa páxina web o seu compromiso referencial a través de distintas ferramentas coa clara finalidade de interactuar coa súa comunidade; unha delas é a existencia dun espazo de Preguntas Frecuentes, PF, (FAQs, Frequently asked questions).

As PF ofrecen ás persoas usuarias potenciais da biblioteca a posibilidade de atopar pola súa conta a información que están a buscar, sen necesidade de contactar directamente coa biblioteca, ben por teléfono, correo electrónico ou desprazándose presencialmente.

Debemos entender as PF como un elemento clave na ausencia da comunicación presencial.

No informe elaborado polo grupo de traballo estúdase a correcta presenza ou ausencia da BUSC mediante a análise e avaliación das súas Preguntas Frecuentes coa intención de percibir a súa adecuación á contorna actual e deseñar posibles melloras. Propóñense, ademais, varias liñas de traballo, sobre todo con vistas ao futuro cambio da páxina web da BUSC.

BLOG FONSECA E CANLES SOCIAIS

Tanto o Blog da BUSC “Fonseca”, que se abriu á participación de todo o persoal da biblioteca, como as diferentes canles sociais mantivéronse ao día proporcionando información actualizada sobre a situación das bibliotecas, recursos, servizos, etc. Tamén se atenderon e contestaron as consultas recibidas a través delas.

As estatísticas para o período comprendido entre marzo e xuño de 2020 son as seguintes:

BLOG FONSECA	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	TOTAIS
POSTS	4	3	2	1	10
VISITAS	501	395	327	306	1.529
LECTORES	254	158	122	187	721

FACEBOOK	POSTS	COMENTARIOS PROPIOS	GÚSTAMES DOS POSTS	COMENTARIOS	COMPARTIDOS	MENSAXES	CONTESTADAS	GÚSTAMES DA PAX.
MARZO	41	12	497	17	123	2	2	19
ABRIL	25	8	323	11	87	3	3	16
MAIO	20	11	372	9	111	4	4	20
XUÑO	28	4	308	4	80	2	2	20
TOTAIS	114	35	1500	41	401	11	11	75

TWITTER	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	TOTAIS
Tuits	163	128	177	149	617
Twitter imp	140,0	165,0	105,0	99,7	509,7 K
Visitas ao perfil	1.606	1.302	2.585	2.199	7.692
Mencións	146	149	293	181	769
Novos seguidores	69	50	30	22	171

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Como todos os anos, preparouse e publicouse o [Blog adicado ao Día das Letras Galegas](#) (Ricardo Carvalho Calero), do que se deu conta na web da BUSC e en ABEL.



3. CONTRIBUÍUSE AO REFORZO DA POLÍTICA DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL DURANTE O ESTADO DE ALARMA, NOMEADAMENTE NA BUSCA, SELECCIÓN E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN NECESARIA PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA, DIFUNDIDA A TRAVÉS DO XORNAL.

Por solicitude do Gabinete de Comunicación a USC, a BUSC fixo unha recompilación de recursos subscritos, e gratuítos de recoñecida solvencia, para as diferentes áreas de coñecemento. Estes recursos enviáronse ao Gabinete, que os publicou no Xornal da USC.

Ademais da publicación no Xornal, estes recursos publicáronse en A BUSC en liña como guías de recursos por Áreas.

Ligazóns ás noticias do Xornal da USC:

- [A Biblioteca Universitaria escolma recursos en liña e de balde no eido da Biomedicina](#)
- [A BUSC selecciona fontes de información solventes no eido das Ciencias Sociais e Xurídicas](#)
- [Investigar en Artes e Humanidades, tamén dende a casa](#)
- [Ciencias, do laboratorio á casa](#)
- [Recursos multidisciplinares para a docencia en remoto](#)
- [A Biblioteca Universitaria escolma recursos para a elaboración de traballos de investigación](#)

4. ORGANIZOUSE A ASIGNACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DESDE CASA CONTANDO CO PERSOAL DA BUSC QUE ESTABA EN DISPOSICIÓN DE CONECTARSE E TIÑA ACCESO AO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO AXEITADO

Dende o primeiro momento solicitouse o acceso á rede da universidade vía VPN para un determinado número de persoas que foi aumentando progresivamente ata alcanzar á práctica totalidade do cadro de persoal. Coa colaboración de todos eles leváronse a cabo unha serie de tarefas en diferentes áreas.

TAREFAS DE REVISIÓN DO CATÁLOGO

Emprendéronse diferentes tipos de modificacións e melloras nos rexistros bibliográficos:

- corrección de inconsistencias entre os códigos de país gravados na etiqueta 008 e na cabeceira de Millennium (máis de 1000 rexistros)
- corrección de máis de 2700 rexistros que non tiñan descrición física en campo 300
- modificación de máis de 900 rexistros con país descoñecido
- corrección de máis de 3800 rexistros que tiñan rexistrado un lugar de publicación sen identificar
- adición de códigos de linguas en etiqueta 041 en máis de 500 rexistros multilingües
- actualización de máis de 2400 rexistros que non tiñan ningún lugar de publicación rexistrado e de 310 sen rexistro de nome de editor (sen |b en 260)
- corrección de máis de 550 rexistros sen rexistro de data de publicación (sen |c en 260)
- revisión e corrección de 418 rexistros de materiais gráficos
- corrección de codificacións erróneas na etiqueta 700 (punto de acceso para nomes de persoa) en máis de 700 rexistros
- normalización de nomes de lugares de impresión en etiqueta 752 (preto de 8000 rexistros)
- corrección de máis de 500 rexistros de publicacións periódicas sen data na 008
- actualización de máis de 800 rexistros bibliográficos de libros electrónicos e comprobación dos seus enlaces coa plataforma Prelo

Adición de puntos de acceso. Intervención en:

- máis de 2200 rexistros que non tiñan punto de acceso para títulos paralelos en diferentes linguas
- máis de 200 rexistros de traducións que non tiñan título uniforme
- máis de 150 rexistros nos que se engade entrada para títulos con erratas ou erróneos
- máis de 150 rexistros de teses que non tiñan materias nin CDU

Enriquecemento con enlaces ao texto completo en portais ou bibliotecas dixitais:

- 249 títulos de teses enlazados a Minerva
- 253 títulos enlazados ás dixitalizacións en Hispana ou Galiciana

Revisión e actualización de 114 rexistros de autoridade nome de persoa de autores galegos nos que se engadiu información biográfica e notas sobre as fontes consultadas, ademais da correspondente actualización dos rexistros bibliográficos asociados.

CAMBIOS GLOBAIS EN MILLENNIUM

Hibridación de rexistros introducindo algúns elementos propios de RDA. Cambios en 835.000 rexistros de monografías impresas e máis de 8000 rexistros de videogravacións e microformas:

- introdución de etiquetas 336,337 e 338
- introdución de designadores de relación nos campos de punto de acceso para creadores
- desenvolvemento de abreviaturas en etiquetas 260, 300, 500 e 504
- desenvolvemento das abreviaturas de mención de función en etiquetas 7XX

TAREFAS NO REPOSITORIO INSTITUCIONAL MINERVA

Levou a cabo a revisión da produción científica en aberto da USC entre os anos 2004 e 2020 e a incorporación ao repositorio institucional de artigos publicados en revistas recollidas no DOAJ (Directory of Open Access Journals) e extraídos da Web of Science. Como resultado deste traballo revisáronse 3655 publicacións e depositáronse en Minerva un total de 2100 artigos.

TAREFAS NA PLATAFORMA PRELO

Asignación de CDU en 2132 títulos e mellora dos metadatos dos recursos en Prelo. Revisión de preto de 6000 rexistros para a detección de erros na asignación de categorías.

TAREFAS EN DIALNET / MÉTRICAS

Creouse un grupo de traballo coa finalidade de localizar monografías publicadas polo PDI da USC dos anos 2018 e 2019 que faltaban por incorporar á base de datos de Dialnet. Revisáronse obras de 2030 membros do PDI localizando e incorporando 247 títulos.

Ao mesmo tempo traballouse no baleirado de revistas en formato electrónico asignadas á BUSC.

Ademais, a BUSC participa dende febreiro de 2020 no proxecto de Métricas de Dialnet. Os títulos que se tiñan asignados no inicio foron aumentando durante o período de confinamento pero neste momento xa se rematou a carga de todas as referencias bibliográficas dos títulos asignados.

DIXITALIZACIÓN DA AMTEGA

Antes do peche das instalacións da BUSC xa estaba creado un grupo de traballo para analizar varios proxectos de dixitalización de fondo patrimonial da Biblioteca para a súa presentación á Convocatoria de Axudas á Dixitalización da AMTEGA do ano 2020. Este grupo de traballo continuou os seus labores durante o confinamento. Dos fondos analizados (Prensa sindical galega, Memorias e Anuarios da Universidade de Santiago de Compostela...) decidímonos polas obras dos Impresores instalados en Galicia no século XIX, século abundante en impresores establecidos na nosa Comunidade de forma estable ou efémera, e das que temos unha boa representación no noso Catálogo.

Durante a etapa de traballo non presencial buscáronse en Galiciana, Hispana ou Europea as obras candidatas á dixitalización, xa que un requisito para poder ser beneficiario das subvencións públicas é que os documentos non estean xa dixitalizados e accesibles nos repositorios mencionados.

O resultado das buscas foi o seguinte: 253 títulos estaba xa dixitalizados e quedaron convenientemente marcados no sistema de xestión da BUSC coa etiqueta “Hispana Impresores Galegos”; 559 títulos non se atoparon nos repositorios en que se buscaron polo que van ser presentados á convocatoria da AMTEGA, cuxo prazo reanudouse o 1 de xuño e remata o día 26 do mesmo mes.

Unha vez dixitalizados estes documentos, os obxectos dixitais serán incorporados a Minerva, convenientemente descritos e accesibles para a súa consulta en Internet.

TRABALLO EN ADQUISICIÓNS

1. Localización e procesamento de facturas que foran emitidas polos provedores, pero que, a causa do repentino confinamento, non foron recibidas ou o seu trámite quedou interrompido. Para iso foi necesario levar a cabo :
 - a. A localización e comprobación de facturas non tramitadas, tanto no SEF como facturas estranxeiras en papel
 - b. O control, comprobación e tramitación das facturas localizadas
2. Compra de urxencia de títulos en formato electrónico para apoio do estudo e docencia non presencial. Ante a incertidume da duración do estado de alerta, procedeuse a unha compra de urxencia co obxectivo de que fundamentalmente os alumnos dispuxeran de materiais de estudo. Isto supuxo:
 - a. Coordinación cos encargados das bibliotecas de centro para elaborar un listado de títulos.
 - b. Localización de provedores con actividade no período de confinamento.
 - c. Xestión dos pedidos: pedido, comprobación e activación. Os centros que contrataron títulos foron Ciencias da Educación, Psicoloxía e Ciencias Económicas ó Grupo Editorial Anaya.
 - d. Tramitación das facturas a cargo dunha folla de pedimento extraordinaria.

5. POTENCIOUSE O USO DA INTRANET COMO CANLE DE COMUNICACIÓN E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO NON PRESENCIAL E SE FORMARON GRUPOS DE TRABALLO ESPECÍFICOS PARA ABORDAXE DE PROXECTOS E TAREFAS LIGADAS Á SITUACIÓN DE PANDEMIA: EZPROXY, PORTAL DE INVESTIGACIÓN, GUÍAS DE RECURSOS.

A través da Intranet da BUSC e dos grupos de Office mantívose informado e coordinado a todo o persoal da biblioteca universitaria durante os meses de confinamento, con informacións, documentación, recursos profesionais específicos para a situación, etc.



DOCUMENTO MARCO TELETRABALLO

DOCUMENTO MARCO TELETRABALLO

Información e organización das tarefas do teletraballo. Canles de comunicación cos usuarios e entre nós.

[Ver o documento →](#)

GRUPOS E TAREFAS DO TELETRABALLO

GRUPOS E TAREFAS DO TELETRABALLO

Grupos e persoas que levan a cabo as tarefas reflectidas no Documento Marco de Teletraballo

[Ver os grupos e tarefas →](#)



Cada grupo de traballo creado para levar a cabo as tarefas durante o confinamento ten o seu espazo na Intranet. Nese espazo atópase a documentación necesaria para o funcionamento e tarefas do grupo.

Ademais, a través da sección de novidades, proporcionouse información actualizada sobre a situación da biblioteca e difundíronse convocatorias de 16 cursos de formación en liña para o persoal bibliotecario.

6. ABORDÁRONSE NOVOS PROXECTOS (POSTA EN MARCHA DUN EZPROXY, GUÍAS DE RECURSOS) E CONTINUÁRONSE A DESENVOLVER OS QUE ESTABAN EN MARCHA CON ANTERIORIDADE Á DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA (PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN, PORTAL DE INVESTIGACIÓN, IMPLEMENTACIÓN DAS RDA, CURSOS DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS....)

GRUPO DE FORMACIÓN EN RDA

O grupo RDA continuou a traballar para a plena implantación deste novo estándar de catalogación na BUSC centrando a súa actuación nas seguintes tarefas:

- Revisión da política interna de catalogación en relación ao novo modelo
- Redacción do perfil de aplicación que substituirá ao vixente Manual de catalogación para materiais textuais
- Elaboración dun plan de formación para o persoal catalogador da BUSC
- Preparación do material necesario para as sesións de formación

Como resultado, as pautas aplicables a materiais textuais modernos (monografías e seriada) e impresos antigos están practicamente rematadas.

Así mesmo o perfil de aplicación de RDA aos rexistros de autoridade do PDI da USC está tamén elaborado e listo para a súa posta en marcha.

Antes da finalización do ano en curso está prevista a etapa de formación do persoal a través de sesións teórico/prácticas que contemplarán os seguintes aspectos:

a) Características de RDA: entidades e atributos, relación entre recursos

b) Principais cambios nas pautas de catalogación:

- Integración dos elementos RDA en Marc 21
- Cambios na descrición bibliográfica
- Cambios nos puntos de acceso e na creación de autoridades
- Creación de relacións

CURSOS DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS

A formación en competencias da información continuou a súa programación prevista, preparáronse e impartíronse os cursos planificados no segundo cuadrimestre (un total de once).

Ao mesmo tempo, empredeuse a revisión de contidos dos cursos dos niveis básico e avanzado. Tamén procedeuse a actualización de toda as guías publicadas na páxina web dos cursos (Básico, Avanzado, Experto). E afondouse nos establecemento dos indicadores para a súa avaliación.

Desde as direccións dos puntos de servizo elaboraron os informes dos cursos correspondentes ao ano académico 2020/21. Obxectivo: mellorar a coordinación e planificación dos cursos nos próximos anos, xa que coñecer os puntos fortes e débiles axudará a mellorar os vindeiros.

Por outra banda, procedeuse o deseño, organización e impartición dun curso básico de competencias en información na Contorna dixital para o PAS da USC. Impartido entre o 11 de maio e o 11 de xuño no Campus virtual da USC, contou cunha valoración moi positiva nas enquisas de satisfacción (8,44 de satisfacción global). Este feito unido á elevada demanda que tivo o curso trouxo como consecuencia a preparación dunha nova edición do mesmo no curso académico 2020/21.

GRUPO GUÍAS DE RECURSOS - reBUSCa

Debido á obsolescencia da plataforma na que se encontraba, o servizo reBUSCa traspasouse á ABEL (A BUSC en liña) ao principio do confinamento. ABEL, unha vez volveu a darse a información dende a páxina da BUSC, transformouse en reBUSCa.

Ata que se adopte, consorciadamente, unha nova plataforma, a Biblioteca Universitaria optou por migrar a unha solución desenvolvida pola BUSC en Wordpress e integrala en A BUSC en liña.

- Recursos traspasados: 86
- Guías e titoriais traspasados: 13

NOVAS GUÍAS E TITORIAIS FEITOS DURANTE O CONFINAMENTO:

- [Arte e Humanidades](#)
- [Ciencias](#)
- [Ciencias biomédicas](#)
- [Ciencias da Terra](#)
- [Ciencias xurídicas e sociais](#)
- [Enxeñaría e Tecnoloxía](#)
- [Galicia](#)
- [Multidisciplinar](#)
- [Recursos para a realización de traballos de investigación](#)
- [Como conseguir o texto completo dun artigo científico \(infografía\)](#)

- [Dereitos de autor e Campus Virtual \(infografía\)](#)
- [Crear un perfil de Google Académico](#)
- [Prepara o TFG / TFM](#)
- [RefWorks – Guía práctica](#)
- PRÉSTAMO MEDIANTE CITA PREVIA (COVID-19) (Publicada durante o período do 25 de maio ao 23 de xuño de 2020)
- [Guía de autoarquivo en Minerva](#)

IMPLEMENTACIÓN DO EZPROXY

Debido á necesidade de dar acceso aos recursos electrónicos a toda a comunidade universitaria, xa que o proxy da USC só permite o acceso a PDI e PAS, a Biblioteca Universitaria contratou o EZproxy de OCLC, especificamente deseñado para esta funcionalidade.

Logo de varias xuntanzas con OCLC, o Consorcio e a ATIC, para a posta en marcha do EZproxy, a BUSC levou a cabo os seguintes traballos sobre os recursos electrónicos subscritos. Os traballos referentes aos recursos consorciados realizounos BUGalicia e a ATIC da USC encargouse da parte técnica: emisión do certificado para o dominio ezbusc.usc.gal (adoptado para o EZproxy), metadatos e autenticación.

1. Revisión de todos os recursos electrónicos subscritos ou contratados pola BUSC: bases de datos, revistas e libros electrónicos.
2. Agrupación dos recursos no menor número posible de plataformas e/ou editoriais, xa que na fase de implementación houbo un límite de 70 recursos a incluír no EZproxy, contando os recursos consorciados.
3. Envío a todos os editores da dirección IP do EZproxy para que fose recoñecida como unha IP da USC.
4. Envío a OCLC dos 70 recursos coas súas configuracións correspondentes para incluílos no EZproxy da BUSC.
5. Cambio da URL de todos os recursos para adaptala ao EZproxy.
6. Test de todos os recursos configurados por OCLC.
7. Envío dun novo listado con aqueles recursos que non estaban ben configurados.

O EZproxy entrou en produción o día 6 de xullo de 2020, logo de máis dun mes de traballos para a súa implementación, con acceso a un total de **105.138** recursos electrónicos entre bases de datos, revistas e libros electrónicos.

Neste momento a BUSC está a traballar con aqueles recursos que quedaron excluídos na fase de implementación.

PREPARACIÓN DO NOVO CURSO ACADÉMICO

Traballo sobre as bibliografías recomendadas, cunha orientación das adquisicións en material para a docencia, atendendo ao establecido no documento [Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura](#). Deste xeito, procedeuse a unha redefinición da política de adquisicións de monografías en función da situación, sobre todo no ámbito das monografías, pola importancia da non presencialidade e o acceso online. Así, deuse prioridade a dous aspectos:

1. Prioridade a adquisición de títulos en formato electrónico, en función da dispoñibilidade editorial.
2. Reforzar a importancia da adquisición de títulos dirixidos ao estudo e apoio á docencia, sobre todo manuais con uso comprobado na versión en papel. Así, terán importancia os manuais en español das bibliografías recomendadas e a versión en online de títulos en papel con un número de préstamos importante.

7. PREPAROUSE Á VOLTA Á PRESENCIALIDADE NO SERVIZO, COA ELABORACIÓN DUN PLAN EN FASES PARA O RETORNO. ELABORÁRONSE PROTOCOLOS ESPECÍFICOS PARA O TRABALLO INTERNO E A PRESTACIÓN DE SERVIZOS.

Atendendo as sucesivas Resolucións reitorais de 7 de maio, 22 de maio e 22 de xuño, así como a [INSTRUCCIÓN CONXUNTA DO 23 DE XUÑO DE 2020, DA VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN E DA XERENCIA, POLA QUE SE DISPÓN A APERTURA DAS SALAS DE LECTURA NA REDE DE BIBLIOTECAS DA USC](#), establecéronse os procedementos para a reactivación en fases do servizo presencial na BUSC.

Isto implicou o deseño dun formulario de recollida de peticións e un sistema de citas previas para recollida e devolución (nun primeiro momento) en dous puntos de servizo (un no Campus de Lugo e outro no de Santiago de Compostela), así como as oportunas parametrizacións no sistema de Xestión da BUSC.

Conforme foise ampliando o número de puntos de servizo abertos, fóronse adoptando as medidas de sinalización e seguridade oportunas.

Ademais, co soporte do Servizo de Prevención de Riscos da USC, elaborouse un protocolo (actualizable) de actuacións en relación ao desenvolvemento do traballo interno e a atención ao público.

PRÉSTAMO A DOMICILIO

PECHE DO SERVIZO E RENOVACIÓNS AUTOMÁTICAS

Debido ao peche das instalacións de tódolos puntos de servizo da BUSC o préstamo a domicilio de documentos en papel non puido realizarse, como tampouco as devolucións. Para evitar reclamacións e acumular atrasos nas devolucións, fíxose unha primeira ampliación no prazo dos préstamos ata o 31 de marzo, quedando renovados automaticamente todos os préstamos que tivesen que devolverse tras a declaración do estado de alarma. Posteriormente con motivo da prolongación deste estado, volvéronse incrementar os prazos en sucesivas fases (16 de abril, 4 de maio, 31 de maio e 30 de xuño), chegando a realizar ampliacións nos prazos de devolución de máis de 60.000 documentos nestas operacións de renovación.

Outra das medidas especiais no préstamo de libros foi a cancelación da opción de facer reservas dos documentos que estaban en préstamo por parte doutros usuarios, principalmente porque non se podía garantir a súa efectividade, mais tamén porque podían xerar conflitos coas renovacións automáticas realizadas desde a Biblioteca.

PRÉSTAMO MEDIANTE CITA PREVIA (26 DE MAIO 2020)

A partir do 26 de maio, a BUSC reabriu parcialmente o seu servizo de préstamo a domicilio mediante cita previa. Nun primeiro momento, ante o peche dos centros, os puntos de atención centralizáronse na Biblioteca Xeral, no Campus de Santiago, e na Intercentros, no Campus de Lugo.

A necesidade de adaptarse as circunstancias obrigou a establecer novas condicións e protocolos de actuación para a prestación do servizo:

1. Deseño dun formulario (Office 365) para a solicitude de préstamos e/ou devolucións mediante cita previa (Papeleta electrónica de préstamo)
2. Deseño dunha base de datos Access para o procesamento das solicitudes recibidas a través do formulario.
3. Solicitude á ATIC dun espazo compartido para a xestión da base de datos de peticións de préstamo mediante o formulario, para que os auxiliares das bibliotecas Xeral e Intercentros Lugo puidesen atender as peticións recibidas a través do formulario. A solicitude foi atendida inmediatamente e déronse de alta as persoas que necesitaban acceder á base de datos para a xestión das peticións.
4. Creación dun grupo (Office 365) para que o persoal que debía atender as peticións feitas mediante a papeleta electrónica estivese ao tanto das actualizacións e normas para xestionar a base de datos e as citas previas.
5. Sesións de formación sobre o manexo da base de datos para o persoal que debía atender as peticións da Papeleta electrónica de préstamo
6. Creación de textos normalizados para os correos de cita previa ou rexeitamento das peticións, coas diferentes casuísticas.
7. Parametrización en Millennium das condicións do préstamo
 - Creación dun novo tipo de usuario: Corentena (para os exemplares devoltos que tiñan que quedar sen poder ser utilizados durante o prazo obrigado de corentena)
 - Deseño de dúas novas regras de préstamo: COVID e CORENTENA e os seus correspondentes determinantes
8. Redacción das normas de préstamo para os usuarios e elaboración dunha guía de Préstamo mediante cita previa
9. Deseño de infografías informativas e de sinalización.

ESTADÍSTICAS DAS SOLICITUDES FEITAS A TRAVÉS DO FORMULARIO DE CITA PREVIA (26 DE MAIO A 22 DE XUÑO)

Estas estatísticas refírense só ao que se solicitou, non ao que realmente se prestou ou devolveu.

Total de solicitudes

PAPELETAS						
BIBLIOTECA		TIPO SOLICITUDE			PRÉSTAMOS-DEVOLUCIÓN	
XERAL	INTERC.	SÓ PR	PR+DEV	SÓ DEV	TOTAL PR	TOTAL DEV
771	141	413	257	242	670	500
912		912				

Usuarios

RECOLLER EN	USUARIOS					
	TIPO USUARIO			USUARIOS ÚNICOS		
	rai.usc.es	USC.ES	TOTAL	rai.usc.es	USC.ES	TOTAL
B. XERAL	599	172	771	340	107	447
INTERCENTROS	96	45	141	53	27	80
TOTAIS	695	217	912	393	134	527

Exemplares

RECOLLER EN	BIBLIOTECA ONDE SE ATOPA O EXEMPLAR																			TOTAIS
	00	01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11	11ea	12	13	15	28	31	35	
B. Xeral	632	35	35	93	7	195	29	6	302	3	23	1	8	23	38	32	4	17	7	1490
Intercentros Lugo	23	0	8	9	1	4	1	1	20	1	1	0	0	86	4	9	8	1	0	177
TOTAL EXEMPLARES	655	35	43	102	8	199	30	7	322	4	24	1	8	109	42	41	12	18	7	1667

00 B. Xeral	05 Filoxía	10 Medicina -Odont.	15 Filosofía
01 Bioloxía	06 Psicoloxía CC. Educ	11 Química	28 Profesorado
02 Económicas	07 Física-Óptica	11ea ETSE	31 CC.Educación
03 C.Arenal	08 Xeografía-Historia	12 Intercentros	35 Enfermaría
04 Farmacia	09 Matemáticas	13 CC.Comunicación	

ESTADÍSTICAS DE PRÉSTAMOS (MAIO-XUÑO 2020)

ESTADÍSTICAS CIRCULACIÓN (PRÉSTAMOS)		
BIBLIOTECA XERAL		
Maio-Xuño 2020		
Tipo USUARIO	PORCENTAXE	TOTAL
Alumnos de Grao e 4º ciclo	11.8%	213
Profesores/Investigadores USC	11.9%	214
Alumnos de Doutoramento	30.4%	548
Posgrao, Master	7.9%	142
Persoal BUSC	3.2%	57
PAS USC	0.4%	8
Investigadores externos	0.7%	12
Usuarios externos	0.9%	17
Préstamo interbibliotecario	1.5%	27
Bib Xeral-Sala Investigadores	0.7%	12
Sala lectura	1.5%	27
Corentena	29.3%	528
Total	100.0%	1805

ESTADÍSTICAS CIRCULACIÓN (PRÉSTAMOS)		
BIBLIOTECA INTERCENTROS LUGO		
Maio-Xuño 2020		
Tipo USUARIO	PORCENTAXE	TOTAL
Alumnos de Grao e 4º ciclo	11.0%	65
Profesores/Investigadores USC	15.9%	94
Alumnos de Doutoramento	14.7%	87
Posgrao, Master	1.5%	9
Persoal BUSC	5.6%	33
PAS USC	0.2%	1
Usuarios externos	1.2%	7
Prestamo interbibliotecario	1.0%	6
Préstamo especial biblioteca	14.7%	87
Sala lectura	0.7%	4
Corentena	33.4%	197
Total	100.0%	590

RESTABLECEMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO MEDIANTE MILLENNIUM A TRAVÉS DO WEBPAC (23 DE XUÑO 2020)

Restablecemento da posibilidade de facer préstamos a través do WebPAC

Difusión en ABEL e a páxina oficial da BUSC do cambio no servizo de préstamo:

REAPERTURA DA SALA DE INVESTIGADORES PARA CONSULTA DO FONDO PATRIMONIAL (9 de xuño 2020)

A partir do 10 de xuño, a Biblioteca Xeral reabriu o servizo de consulta en sala do Fondo Patrimonial na Sala de Investigadores, mediante cita previa.

APERTURA DAS SALAS DE LECTURA CON AFORO RESTRINXIDO (25 xuño 2020)

Redacción de instrucións xerais para o acceso e uso das salas de lectura con aforo restrinxido e a súa difusión en ABEL e a páxina oficial da BUSC:

- [APERTURA DAS SALAS DE LECTURA - AFORO RESTRINXIDO \(A partir do 25/06/2020\)](#)

Difusión dos horarios e aforos das diferentes bibliotecas na páxina [Horarios](#) do web da BUSC.

8. MANTÍVOSE A COOPERACIÓN A DIVERSOS NIVEIS: AUTONÓMICO (CONSORCIO BUGALICIA, CONSELLO COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA DE GALICIA), ESTATAL (CONSEJO DE COOPERACION BIBLIOTECARIA, REBIUN)

Mantemento de grupos de traballo en CRUE REBIUN (Patrimonio Bibliográfico REBIUN, RDA, Catalogo Colectivo e Repositorios). A BUSC exerceu ata novembro de 2020 a secretaria executiva da rede e durante esta etapa participou nas negociacións nacionais de WoS Scopus, redacción de declaracións de apoio ao acceso aberto, recomendacións para desescalada nas Bibliotecas Universitarias españolas, e recompilación das accións emprendidas polas bibliotecas da rede durante a Covid-19

Consortio Bugalicia: seguimento das accións programadas en 2020 e planificación de 2021.

Participación no Consejo Estatal de Cooperacion Bibliotecaria e no Consello de Cooperacion Bibliotecaria de Galicia representando ás bibliotecas universitarias,

PROXECTO CONSORCIADO DE ESTUDO DE NOVAS PLATAFORMAS DE GUÍAS E RECURSOS ELECTRÓNICOS

Ata o momento da crise sanitaria reBUSCa estaba na páxina <http://sp.bugalicia.org/san/>, solución adoptada consorciadamente polas tres Universidades galegas no ano 2015. A solución quedou obsoleta, é de código aberto, e non está claro o seu mantemento no futuro.

Concidindo coa declaración do estado de alarma e por iniciativa das Universidades de Vigo e Santiago, que xa viñan establecendo contacto co Consortio para actualizar ou cambiar a plataforma, creouse un grupo de traballo para buscar unha nova solución para as guías e titorias e recursos electrónicos.

A BUSC presentou a solución desenvolvida en Wordpress como unha opción a adoptar conxuntamente polas tres universidades.

Logo dunha xuntanza conxunta entre as tres universidades e BUGalicia, acordouse o estudo das posibilidades máis axeitadas.



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Colexio de Fonseca
Rúa do Franco, s/n
15782 Santiago de Compostela



+34 881811087



bxsec@usc.es



<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>

